

VALORACIÓN XERAL DA CTNL DOS ORZAMENTOS DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA EN 2010

Drástica redución dos orzamentos da Xunta para a Política Lingüística, que sofren unha caída de máis do 20%

- ***Mentres os orzamentos xerais da Xunta baixan un 0,4%, os dedicados a Política Lingüística baixan máis dun 20%.***
- ***A Xunta reduce os recursos para campañas de normalización da lingua nun 36% (case dous millóns de euros menos).***
- ***Tamén se reducen dun xeito moi importante os recursos que se lles dedican a empresas editoriais para proxectos en lingua galega (-50%), a asociacións sen fin de lucro (-25%) ou aos Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística dos centros de ensino públicos (-20%).***
- ***A única partida que ten un incremento minimamente significativo é a dedicada aos centros de estudos galegos no exterior, que sobe un 14,6% (no marco dunhas contas que baixan máis do 20%), o que indica que a SXPL prioriza as actividades no exterior antes que a promoción do galego no propio país.***
- ***O goberno presidido por Núñez Feijóo dedicaralle á lingua en 2010 catro millóns de euros menos dos que lle dedicou o goberno presidido por Manuel Fraga en 2005, hai cinco anos.***

[Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2009]

Os orzamentos que a Xunta lle dedicará á Política Lingüística en 2010 sofren un drástico recorte de máis do 20% tanto con respecto ao 2009 como con respecto aos últimos orzamentos do goberno presidido por Fraga en 2005, o que desde a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) se considera un moi grave paso atrás que acrecenta a regresión na política lingüística do goberno galego.

Desde a CTNL, entidade que agrupa a gran maioría de traballadores/as de normalización da lingua, considérase que é nas contas públicas onde mellor se reflicten as prioridades políticas de quen as elabora, polo que este proxecto de orzamentos demostra, unha vez máis, que o goberno da Xunta só está disposto a dar pasos atrás no proceso de normalización da lingua galega, incumprindo así os acordos aos que se chegou por unanimidade no Parlamento galego (Lei de normalización lingüística e Plan xeral de normalización da lingua galega), nos que se especifica que a normalización lingüística ten que ser un proceso progresivo, e en ningún caso regresivo.

O proxecto de orzamentos presentado polo goberno galego reflicte que, mentres as contas xerais baixan levemente con respecto a 2009 (-0,4%), as dedicadas á lingua fano de xeito drástico (-20%), tanto con respecto a 2009 como con respecto ao último orzamento aprobado polo goberno presidido por Manuel Fraga en 2005. Así, en 2010

dedicaránselle á lingua 3.907.351 € menos que en 2009 e 4.258.302 € menos que en 2005.

Practicamente todas as accións importantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL) sofren un importante recorte. Redúcense os recursos para campañas de normalización da lingua nun 36% (pois pásase de 5.236.835 € a 3.337.000 €, case dous millóns de euros menos), do mesmo xeito que se reducen drasticamente partidas tan importante como as que se lles dedican a empresas editoriais para proxectos en lingua galega (-50%), a asociacións sen fin de lucro (-25%) ou aos Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística dos centros de ensino públicos (-20%).

As contas reflicten que as prioridades están na promoción exterior

A única partida que ten un incremento minimamente significativo é a dedicada aos lectorados e centros de estudos galegos no exterior, que sobe un 14,6% (no marco dunhas contas que baixan máis do 20%), o que indica que a SXPL prioriza claramente as actividades no exterior antes que a promoción do galego no propio país, onde, loxicamente, se deberían centrar os recursos e os esforzos.

Mentres tanto, **para o fomento do uso do galego desde as administracións locais a cantidade practicamente segue sendo a mesma que en 2009 (e que en 2005)**, cunha contía total de arredor dos 800.000 €. **Se**, como se anuncia desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística, **a Administración local constitúe a vía de dinamización lingüística prioritaria e se vai poñer en marcha a Rede de dinamización lingüística local, esta partida económica tería que ter un claro e significativo incremento**, pois sería a única maneira de potenciar a creación e estabilización dos servizos de normalización lingüística locais, unidades técnicas coas que se pretende formar esa Rede de dinamización lingüística local a través da cal desenvolver accións dinamizadoras espalladas por todo o territorio galego e dirixidas a todos os sectores e ámbitos sociais.

Grave retroceso

Estas contas son un moi grave retroceso para a planificación lingüística no noso país que, desde a CTNL, non podemos deixar de denunciar, e lévannos a estar incluso moi por debaixo dos recursos que se lle dedicaban a esta materia en 2005. En termos relativos, mentres en 2005 o goberno de Fraga lle dedicou á política lingüística o 0,23% do orzamento total da Xunta, en 2010 o goberno de Núñez Feijóo dedícalle o 0,14%, o que quere dicir que se en 2010 se lle dedicase a mesma porcentaxe que en 2005, a partida sería de 26.153.304 €, isto é, 10.580.671 € máis que a cantidade asignada no proxecto de orzamentos. E en termos absolutos, o goberno presidido por Núñez Feijóo dedicaralle á lingua en 2010 catro millóns de euros menos dos que lle dedicou o goberno presidido por Manuel Fraga en 2005, hai cinco anos.

Por todos estes motivos, desde a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) pedimos unha rectificación por parte do goberno para que este proxecto de orzamentos sexa modificado no seu trámite parlamentario.

Cadro de evolución dos orzamentos de Política Lingüística en comparanza cos orzamentos totais da Xunta 2005-2009

Orzamento	2005 PP	2009 PSOE-BNG	2010 PP (PROXECTO)
Orzamento total anual da Xunta	8.824.321.891	11.417.385.495	11.371.001.928
Diferenza con respecto ao ano anterior			-0,4%
Orzamento total anual da SXPL	19.830.935	19.479.984	15.572.633
Porcentaxe da SXPL con respecto ao total do orzamento da Xunta	0,2247%	0,1706%	0,1369%
Diferenza con respecto ao ano anterior			-20,1%

Cadro-resumo dos orzamentos para Política Lingüística en 2005, 2009 e 2010

Concepto	2005 PP	2009 PSOE-BNG	2010 PP (Proxecto)	Diferenz a 2010- 2009
Subvencións a empresas editoriais para proxectos en lingua galega	1.202.025 €	1.050.000 €	525.500 €	-50%
Campañas de normalización	3.756.579 €	5.236.835 €	3.337.000 €	-36,3%
Subvencións a asociacións sen fin de lucro para accións de promoción da lingua galega	997.090 €	1.200.000 €	895.000 €	-25,4%
Convenios con medios de comunicación	6.400.000 €	3.087.200 €	2.200.200 €	-28,7%
Estudos e traballos de investigación	907.043 €	1.281.461 €	931.000 €	-27,4%
Cursos de actividades de formación	1.492.430 €	2.633.200 €	1.975.000 €	-25%
Bolsas no centro Ramón Piñeiro	454.064 €	548.106 €	420.000 €	-23,4%
Proxectos de fomento e formación dos centros educativos non universitarios	680.000 €	1.000.000 €	800.000 €	-20%
Adquisicións e publicacións (partida nova en 2010)	-	-	1.350.000 €	-
Normalización lingüística desde a administración local	751.266 €	801.708 €	822.768 €	+2,6%
Lectorados e centros de estudos galegos no exterior	810.227 €	1.092.900 €	1.252.704 €	+14,6%
Outros gastos (partidas de bens correntes e servizos, programas varios, mobiliario, publicacións, outros convenios, transferencias a outras entidades, etc.)	2.380.211 €	1.548.574 €	1.063.461 €	-
TOTAL	19.830.935	19.479.984	15.572.633	-20,1%